

CONTRATO PARA EXECUCIÓN DA OBRA PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NO NÚCLEO DE CAROUBANS (COVAS) DO CONCELLO DE AMES. POS 2017.

Na Casa do Concello de Ames a 28 de xuño de 2018.

REÚNENSE:

Dunha parte don José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido pola secretaria da Corporación, dona Rosa Ana Prada Queipo, en execución dun acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de xuño de 2018.

Doutra parte don Pablo Valiñas Monteagudo, con NIF 44.086.301-Q, actuando en representación da empresa **Nexia Infraestructuras SLU**, con CIF B-27802503 e domicilio social no lugar da Hermida s/n, Marcón en Pontevedra.

Constitúe o obxecto da presente reunión a formalización do contrato das obras ao comezo indicadas e ao obxecto establecen as seguintes

CLÁUSULAS:

1ª.- O Concello de Ames adxudica a **Nexia Infraestructuras SLU**, con **CIF B-27802503** a realización das obras de **“PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NO NÚCLEO DE CAROUBANS (COVAS) DO CONCELLO DE AMES”** no prezo de **dezasete mil oitocentos trinta e oito euros com noventa e sete céntimos (17.838,97.- euros)**, máis o IVE correspondente ao 21% que ascende a contía de **tres mil setecentos coarenta e seis euros e dezaoto céntimos (3.746,18.- euros)** de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o procedemento de licitación e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **891,95.- Euros**, mediante aval da entidade Bankinter, S.A inscrito no rexistro especial de avais co número 0415280.

6ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE,-

O CONTRATISTA,-

A SECRETARIA,-



NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
C.I.F. B-27.802.503
Lugar A Hermida s/n
36158 - MARCÓN (Pontevedra)
T: 986 190 020